

UNHA VODA PROBLEMÁTICA

Quereríavos dicir que ese foi un día marabulloso e que o recordarei sempre, pero o certo é que non foi así, porque as cousas non estaban a saír como estaban previstas.

Ergúinme moi cedo porque unha non se casa todos os días e a lista de cousas pendentes era longa. Xa sabedes: salón de peiteado, vestido, maquillaxe, os aperitivos, os convidados e todos eses pequenos detalles que sempre quedan. En fin, moi pendente de que todo saíra como tiñamos pensado e sen o mínimo fallo, de que todo o mundo disfrutase e eu a primeira. Pero, cando as cousas se torcen, todo se complica e se enreda e parece que de súpeto un gran de area se converte nunha montaña.

Ergúinme, como vos dicen, moi cedo, e nada máis chegar á cociña, zas! A primeira sorpresa: o meu gato Antón encargárase de comer parte dos aperitivos e non contento con iso ciscou o resto polo



chan. Comecei a recoller pensando: Hoxe é o meu día, nada mo pode estragar, hoxe é o meu día ... “Cando xa estaba todo ben recollido, fun correndo ao salón de peiteado. Alí, como xa tiña vez, atendéronme de seguido.

Peiteáronme moi rápido e logo pedínlle que me maquillara un pouco, tampouco quería ir moi artificial. Cando cheguei á casa xa eran as once e media e cada vez quedaba menos para dar o “si quero”. Chamei a miña nai para que me axudara a poñer o vestido, zapatos e complementos. Ai, que faría unha sen a súa nai! E comezamos coa segunda desgraza do día, porque logo do de Antón, a miña nai colleu un atasco inacabable, e cando se deu conta xa non podía saír daquel barullo de coches: a xente berraba, o ruído das bucinas era insoportable, e eu, na casa soa, intentando poñerme o maldito vestido sen despeitearme. En fin, cando estaba dándome os últimos retoques, chegou a miña nai. Comezamos a discutir por tonterías e de novo voltaron aquelas palabras a miña cabeza: “Hoxe é o meu día, nada mo pode estragar”. Pero ao parecer non ía ser un día doado. Axudoume a dar os últimos retoques e cando estabamos a piques de saír, zas!..., apareceu de novo Antón, ese gatiño tan lindo que estragara os aperitivos. Parece que non lle gustaba a presenza da miña nai ou que notaba algo raro no ambiente, o caso é que tiroulle do vestido e rasgoullo. Non podía ser! Iso non me podía estar pasando a min! Belisqueime nun brazo para comprobar que non era un pesadelo. Pois non...! Todo era verdade. Eu pensei que iso só pasaba nas películas.

Como podedes imaginar ela púxose moi furiosa e lanzoulle a Antón o primeiro que atopou, nada menos que o meu floreiro preferido. Nin se me ocorreu dicirlle nada, por se acaso! Tiven que marchar soa á igrexa mentres ela cavilaba como conseguir outro vestido nun tempo récord. Por fin cheguei á igrexa a cada vez faltaba menos. Agora os nervios tiñan que ir desaparecendo. Pois non, todavía quedaba a peor parte. Alí non había ninguén, todo estaba baleiro. Chamei a miña nai, para comprobar que levara as invitacións e para a miña desgraza díxome que se esquecera de botalas en correos. NON...Iso xa non tiña remedio. Pero, debía de intentalo. Collín o móbil e chamei a tantas persoas como puideron e que sabía que non me ían fallar.

Foron chegando pouco a pouco e quizás as súas vestimentas e peiteados non eran os máis idóneos pero, quen podía pensar niso agora? E para colmo seguían a faltar dúas persoas máis importantes: o noivo e a miña nai. De súpeto achegouse un taxi e del baixou o meu noivo, xa case marido, moi elegante pero tamen moi nervioso. Collera un atasco monumental e ademáis picáraselle unha roda. Non sabía como pedir disculpas pero non lle deixei falar. El tampouco

tiña un bo día. Por fin vimos achegarse outro taxi, e agora si xa estabamos todos. Del baixou unha fermosa muller cun vestido moito máis marabilloso que o anterior e estaba sorrinte. Pero entón, agora si que tiñamos un problema gordo. O cura! ...Non nos casaba porque era tarde e tiña que marchar a un bautizo e ... , non, non, non !

Alugamos un autobús e fomos con todos os convidados a unha preciosa ermita que hai nas aforas. O cura non estaba ocupado e accedeu gustosamente a unirnos en matrimonio. Por fin conseguín dar o: “si,quiere”! Á saída botáronnos unha chea de arroz e por un momento nese día a leticia veu aos meus ollos. Logo comezou a chover e rapidamente metémonos no autobús aínda que xa algo mollados, pero iso daba igual.

Chegamos ao restaurante e preparámonos para xantar. A comida estaba deliciosa. Logo, bebemos, bailamos, rimos e falamos sobre as cousas que aconteceran nun só día.

Agora son a muller máis feliz do mundo xunto co meu marido e o meu gato Antón que o día da cerimonia case tivo tanto protagonismo como os noivos.

Sexto de Educación Primaria